

DIXITALIZACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA

Informe de resultados

18 de xuño de 2026

Índice

1. Introducción
2. Capacidade dixital dos fogares
3. As tecnoloxías dixitais no sistema educativo
 - 3.1. Impacto da dixitalización educativa
4. Comunicación dixital familia-escola
5. Uso de móbiles e redes sociais

Anexo: Notas metodolóxicas

Principais resultados

- O acceso a internet para as familias con fillos en idade escolar é practicamente universal. O 83% dispón de dispositivos electrónicos para uso especificamente escolar.
- O 86% das familias galegas considera adecuado un modelo educativo híbrido (que combina recursos dixitais e non dixitais), e unha ampla maioría que haxa unha lei que regule o emprego da tecnoloxía na educación.
- O 63% do alumnado galego utiliza de forma habitual plataforma dixitais educativas para a comunicación entre profesores e alumno, a entrega de tarefas e a avaliación.
- As familias valoran moi positivamente a integración das actividades dixitais e o uso que o profesorado fai das ferramentas dixitais no proceso de aprendizaxe.
- Para mellorar o uso educativo das tecnoloxías, as familias demandan unha mellor formación en seguridade dixital.
- O 93% das familias considera adecuada a limitación do uso do móbil nos centros educativos e establecer restricións no acceso ás redes sociais dos menores de 16 anos.

1 Introducción

Segundo a Enquisa Estrutural a Fogares realizada polo IGE, a 31 de decembro de 2024, había en Galicia **227.927 fogares con algún fillo escolarizado en estudos non superiores**. Este colectivo representa arredor do **21%** do total de fogares galegos.

Co obxectivo de coñecer a **opinión das familias sobre a dixitalización do sistema educativo galego**, realizouse unha enquisa telefónica a 1.108 persoas con algún fillo matriculado en ensinanzas non superiores en Galicia (excluíndo estudos universitarios e formación profesional superior), no período comprendido entre o 13 e o 30 de marzo de 2026.

A enquisa recolle información acerca de:

(a) A **dotación tecnolóxica** dispoñible nos fogares do alumnado así como as **competencias dixitais dos proxenitores**.

(b) A **valoración da tecnoloxía no sistema educativo**, tanto en termos de **uso e recursos** dispoñibles como da súa **contribución** ao proceso de aprendizaxe do alumnado.

(c) A valoración das ferramentas de **comunicación dixital entre as familias e os centros** educativos.

(d) A opinión das familias sobre a **regulación do uso de móbiles e redes sociais** por parte da mocidade.


Así mesmo, para obter unha resposta máis centrada e reflexionada, incorporáronse preguntas de contextualización relativas ao alumnado (nivel educativo do fillo/a de maior idade escolarizado e tipo de centro de estudo), así como sobre as características socioeconómicas dos proxenitores.

Os resultados obtidos son presentados nos seguintes apartados.

2. Capacidade dixital nos fogares


Os fogares do alumnado galego presentan **un alto nivel de acceso e equipamento dixital**:

(a) O **acceso a internet é practicamente universal** entre as familias con alumnado no sistema educativo galego: o **99,3%** dispón de conexión no fogar. Entre elas, o 92,3% considera que a súa conexión a internet é adecuada para as tarefas escolares; fronte a un 5,3% que a percibe como pouco ou nada axeitada.




A falta de conexión dáse principalmente nos fogares con rendas máis baixas.

(b) O **83,1%** do alumnado dispón no seu fogar dalgún dispositivo electrónico para uso escolar, fronte ao 16,9% que non conta con ningún. A dotación tecnolóxica mellora claramente coa etapa educativo dos escolares, sendo menor en educación infantil e practicamente universal en bacharelato. Así mesmo, é maior entre o alumnado dos centros privados que entre o dos centros públicos e concertados.




Que dispositivos?




O **ordenador é o dispositivo máis estendido**, dispoñible para máis do 70% dos escolares, xa sexa como equipo propio (43,3%) ou compartido coa familia (31,3%). Seguen o teléfono móbil, dispoñible para máis do 40% dos escolares (34,7% propio e 13,6% compartido co resto da familia), e a tablet, o 24,5% dispón dunha propia e o 12,6% compartida.

En relación coas **competencias dixitais das familias para apoiar aos seus fillos e fillas**, o gráfico seguinte amosa unha **percepción maioritariamente positiva** tanto das súas competencias dixitais como da súa capacidade para acompañar o uso educativo da tecnoloxía por parte dos menores.

O 86,9% dos proxenitores declara dispoñer dun nivel aceptable de competencias dixitais, cunha valoración media de 3,3 puntos nunha escala de 1 a 4, onde 1 significa moi en desacordo e 4 moi de acordo. Así mesmo, a maioría afirma sentirse capaz de acompañar aos seus fillos no uso seguro de internet (85,2%) e no uso educativo das tecnoloxías (82,7%), con valoracións medias de 3,4 e 3,2 puntos, respectivamente. Ademais, o 76,2% non percibe dificultades para executar as tarefas dixitais que realizan os seus fillos.




Xunto á capacidade dixital das familias, tamén resulta relevante a dispoñibilidade no fogar dun espazo axeitado que favoreza o estudo dos escolares. O **85,1% das familias afirma que o seu fillo dispón sempre dun espazo axeitado para estudar e usar dispositivos móbiles**. Esta porcentaxe é menor nos fogares con menos renda, e nos situados nas cidades. Así mesmo, varía segundo a etapa educativa do alumnado (situándose no 36,5% en infantil) e o tipo de centro de estudo, sendo case universal nos centros privados.




3. As tecnoloxías dixitais no sistema educativo

O **86,6%** das familias galegas con fillos e fillas escolarizados considera que nas aulas se debe empregar un **modelo educativo híbrido**, que combine recursos dixitais e non dixitais.




Así mesmo, unha **ampla maioría** considera importante que exista unha **lei que regule o emprego da tecnoloxía na educación**.




Con respecto á situación actual no sistema educativo galego non superior, **o uso das tecnoloxías dixitais é habitual**, cunha intensidade que aumenta a medida que **avanza o nivel educativo** e que resulta máis elevada nos **centros privados**.

(a) O **64,9%** do alumnado galego utiliza as **tecnoloxías dixitais** no centro educativo de **forma frecuente ou moi frecuente como parte do modelo educativo**. Pola contra, para un 17,1% o uso é ocasional e para un 10,5%, escaso.


Como é esperable, obsérvanse diferenzas significativas segundo a etapa educativa: o uso frecuente ou moi frecuente é máis elevado en FP media (79%), bacharelato (78,5%) e ESO (78,5%), mentres que en infantil descende ata o 30,6%. Tamén existen diferenzas segundo o tipo de centro, sendo máis frecuente nos centros privados (88,5%) que nos concertados (67%) e nos públicos (63,6%).



(b) O **63,3%** do alumnado galego **utiliza de forma habitual plataformas dixitais educativas do centro** e o 17,6% de forma ocasional. Entre aqueles alumnos que utilizan plataformas dixitais (80,9%), os usos máis frecuentes son a **comunicación entre profesorado e alumnado** (69,6%), o envío e **entrega de tarefas** (68,3%) e a **avaliación** (64,8%).




(c) O **86%** do alumnado galego **realiza, ben de forma habitual ou esporádica, algunha tarefa escolar utilizando tecnoloxía**, xa sexa no centro escolar ou no fogar, mentres que un 12,8% non realiza ningunha tarefa deste tipo. O uso é menor en educación infantil (63,5%) e primaria (73,5%), e practicamente universal no resto das etapas.




A valoración das familias respecto á integración das tecnoloxías no modelo pedagóxico é maioritariamente positiva, se ben existen aspectos susceptibles de mellora, en especial no tempo dedicado a estas tarefas.


(a) O **73,1%** das familias **considera que as actividades dixitais están ben integradas** co resto das tarefas.




(b) O **73,3%** dos proxenitores valora positivamente o **uso que fai o profesorado das ferramentas dixitais** para contribuir positivamente ao proceso de aprendizaxe.




(c) O **51,5%** das familias **considera axeitado o tempo que o alumnado dedica ás tarefas dixitais**, mentres que un 30,1% o percibe como excesivo. Pola contra, un 9,2% estima que é insuficiente, con valores máis elevados na formación profesional.



O **ordenador é o dispositivo central para o uso escolar**. Así, entre o alumnado que realiza tarefas escolares con tecnoloxía (86%): o 72,8% emprégao, ben sexa un equipo propio ou familiar (48,4%) ou un dispositivo propiedade do centro educativo (24,3%). Cómpre salientar este último dato, **máis do 20% do alumnado galego emprega ordenadores de centros educativos**.




O que pode estar relacionado con que o **73,9%** das familias considere que os **recursos tecnolóxicos dispoñibles nos centros educativos son suficientes** para o traballo escolar.




3.1 Impacto da dixitalización educativa


As familias perciben un **impacto moderado da dixitalización na mellora da aprendizaxe e no aumento da motivación do alumnado**. Arredor do 65% perciben moito ou algo de impacto, cunha valoración media de 2,8 puntos nunha escala de 1 a 4 (onde 1 significa nada e 4 moito). Ademais, esta valoración decrece a medida que aumenta o nivel educativo dos proxenitores.




Así mesmo, o **65%** das familias considera que as iniciativas de dixitalización educativa están a ter un **impacto positivo na competencia dixital do alumnado**. O 14,4% opina o contrario e o 15,3% considera que depende do centro.



Esta percepción xeral de competencias concréta-se en que máis do **75%** das familias perciben que os seus fillos saben **manexar as plataformas dos centros**, teñen **autonomía no uso de ferramentas básicas** ou saben **organizar axeitadamente as tarefas dixitais**, con valoracións medias arredor dos 3,2 puntos sobre 4 (onde 1 significa moi en desacordo e 4 moi de acordo). A valoración descende ata o **64%** cando se trata da **busca de información fiable** en internet e do **uso seguro** da tecnoloxía.




En liña con estes resultados, a **principal demanda das familias** para mellorar o uso educativo das tecnoloxías é a **formación en seguridade dixital** (63,1%). Outras demandas inclúen a formación dirixida ás familias (32,4%), unha maior orientación ao profesorado (26,9%) e unha normativa máis clara sobre o uso do móbil (23,5%). Ademais, un 17,4% das familias demandan menos tarefas dixitais.




4. Comunicación dixital familia-escola

A **comunicación dixital entre as familias e os centros educativos** é practicamente **universal**, o 98,4% das familias emprega aplicacións ou ferramentas de comunicación co centro educativo dos seus fillos, por exemplo AbalarMobil, TokApp, web do propio centro...




A **valoración** destas ferramentas de comunicación é **moi positiva**:


(a) Para o **92,3%** das persoas que as utilizan son **bastante ou moi útiles**.




(b) O **91,6%** das familias **non teñen dificultades** para empregarlas.




(c) O **87,9%** considera que **melloran a rapidez** coa que reciben información do centro.



(d) O **94,9%** destaca que a información que recibe é **clara e fácil de entender**.




(e) O **90,8%** das familias **non** considera **excesivo** o número de **mensaxes ou notificacións** que recibe.





5. Uso de móbiles e redes sociais


O **93,2%** das familias considera **adeuada a limitación do uso do móbil nos centros educativos**. A oposición a esta medida é marxinal (5,7%).



Con respecto ás **redes sociais**, o **95,1%** das familias considera que existe un **uso intensivo entre os menores de 16 anos** e, neste sentido, o 93% estima axeitado establecer restricións no seu acceso.



De feito, o **51,3%** das familias indica que usa **mecanismos de control parental** de forma habitual e o 5,2% de forma ocasional. Pola contra, o 41% indica que non os emprega. O uso é maior entre as familias de ESO (62,6%) e Primaria (61,2%).



Anexo: Notas metodolóxicas

Universo: Poboación residente en Galicia.

Mostra e tipo de entrevista: Fixéronse 1.108 entrevistas. Ditas entrevistas foron realizadas con metodoloxía CATI (entrevistas telefónicas asistidas por ordenador). Afixación da mostra proporcional segundo provincia e tamaño de hábitat do municipio de residencia, aplicando cotas de nivel de ensinanza dos fillos dos entrevistados.

Erro de mostraxe: Para un nivel de confianza do 95,5% e asumindo os principios da mostraxe aleatoria simple, na hipótese máis desfavorable de máxima indeterminación ($p=q=50\%$), é de +3,3% para resultados globais.

Traballo de campo: O traballo de campo realizouse entre o 13 e o 30 de marzo de 2026.

Distribución da mostra

Por sexo




Por idade



Por provincia



Por tamaño do concello



Por nivel de estudos

